

retegal

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A.

RESOLUCIÓN 4/06 DA DIRECCIÓN-XERENCIA DE “REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, RETEGAL, S.A.”, POLA QUE SE REGULA A CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE EMPREGO TEMPORAL E SE CONVOCAN AS CORRESPONDENTES ÁS CATEGORÍAS DE OFICIAL DE COMUNICACIÓN E CONDUCTOR-OPERADOR DE ETT.

1.- Obxecto.


Regula-la constitución e funcionamento das bolsas de emprego temporal para o desempeño provisional de postos de traballo en Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (en adiante Retegal).

2.- Procedemento de Convocatoria.

O procedemento de convocatoria efectuarase mediante anuncio insertado nun periódico e no taboeiro de anuncios de Retegal, sitas nas instalacións de San Marcos en Santiago de Compostela.

O anuncio deberá conter, como mínimo, a seguinte información:

- Denominación, clasificación e ubicación territorial das prazas a cubrir.
- Requisitos para participar na selección e baremo de aplicación



retegal

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A.

- En igualdade de puntuación preferencia do persoal discapacitado, sempre que acredite a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes ó posto de traballo.
- Prazo, lugar de presentación e órgano ó que deberán dirixirse as solicitudes, así coma a documentación que, no seu caso, deba acompañarse.
- Tribunal ou comisión de valoración.

3.- Funcionamento das Bolsas

3.1.- Unha vez elaboradas as Bolsas, publicaranse nos taboeiros de anuncios da Empresa, e enviarase unha copia ós Delegados de Persoal.

3.2.- Cada contrato a realizar ofrecerase á persoa, que estando en disposición de aceptalo, ocupe na lista a posición de maior preferencia, seguindo rigorosamente a orde da mesma.

3.3.- Entenderase que están en disposición de aceptalo tódolos integrantes que non teñan solicitado previamente a súa suspensión nas mesmas polas causas establecidas no apartado 4 deste Acordo.

3.4.- A persoa que inxustificadamente non acepte a oferta de traballo, ou renuncie inxustificadamente ó contrato durante a súa vixencia, causará baixa na Bolsa de Emprego, debéndose informar previamente de tal consecuencia.



retegal

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A.

3.5.- As ofertas de traballo notificaranse telefónicamente ó interesado, circunstancia que se intentará por dúas veces, con intervalo mínimo de dúas horas, procurando deixar constancia de tales intentos e, en caso de ausencia ou rexeitamento da oferta, mediante escrito ou telegrama. Informarase ós representantes dos traballadores das baixas producidas durante cada mes.

3.6.- Só se considerará que existe causa xustificada para rexeita-la oferta de traballo cando o aspirante se atope en situación de suspensión na Bolsa, previamente solicitada, conforme ó establecido no punto seguinte.

4.- Suspensión en Bolsas


4.1.- Poderán solicita-la suspensión nas Bolsas de emprego os aspirantes que se atopen nalgunha das circunstancias, debidamente acreditadas, seguintes:

4.1.1.- Estar traballando na sociedade ou noutra entidade con contrato de duración determinada, durante o tempo que subsista a contratación.

4.1.2.- Padecer enfermidade, ou estar en proceso de recuperación de enfermidade ou accidente.

4.1.3.- Embarazo dende o sexto mes

4.1.4.- Maternidade ou paternidade, tanto por natureza como por adopción ou acollemento, ata que o fillo nado ou adoptado acade a



retegal

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A.

idade de tres anos. Igualmente poderá solicitarse a suspensión por período dun ano para o coidado dun familiar ata segundo grao, cando éste por razóns de idade, accidente ou enfermidade non podera valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

4.1.5.- Exercicio de cargo público ou sindical de carácter provincial ou superior ou circunstancia que poidera ser causa de situación de servizos especiais ou excedencia forzosa.

5.- Exclusión da Bolsa de Emprego

5.1.- Serán causas de exclusión da bolsa as seguintes:


5.1.1.- Rexeitar unha oferta de emprego salvo que o interesado se atope en situación de suspensión.

5.1.2.- Ter cesado voluntariamente durante a vixencia dun contrato relacionado ca mesma Bolsa de Emprego, salvo causa xustificada.

5.1.3.- Atoparse en situación de invalidez permanente, que incapacite para as tarefas fundamentais da Bolsa na que estea integrado.

5.1.4.- Non contestar ou comparecer ante a remisión de telegrama ou ser devolto éste por “descoñecido” ou “ausente”, por dúas veces consecutivas.

5.1.5.- Incorrer en falta disciplinaria de carácter moi grave, tipificada no Convenio Colectivo, debidamente sancionada mediante o correspondente expediente disciplinario.



REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A.

5.-2.- Unha vez que alguén é excluído das Bolsas polas razóns mencionadas, non poderá en ningún caso, volver a integrarse nas mesmas salvo causa debidamente xustificada e acreditada documentalmente dentro dos seis meses seguintes á súa exclusión das mesmas.

6.- Comisión de seguimento e reclamacións

6.1.- Establécese unha comisión de seguimento co fin de controlar que as contratacións se efectúen conforme ós criterios establecidos, e resolverá en primeira instancia as reclamacións que se prantexen, reuníndose ca frecuencia necesaria, ó menos unha vez cada dous meses.

6.2.- A composición da Comisión será a seguinte:


- Polos traballadores, 1 representante dos Delegados de Persoal
- Pola empresa, 1 persoa designada polo Xerente.

Os acordos requirirán consenso ou acordo da maioría de cada unha das partes.

6.3.- As reclamacións que podan prantexarse resolveranse, en primeira instancia, pola Xerencia e os Delegados de Persoal.

7.- Recursos

Contra os acordos de xestión ou exclusión das bolsas poderá interpoñerse Recurso ante a Xerencia no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á



retegal

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A.

notificación do acordo. En caso de desestimación, pode interpoñerse o recurso xurisdiccional procedente.


8.- Entrada en vigor

O presente acordo entra en vigor a partir do día seguinte á súa sinatura, e publicarase nos taboeiros de anuncios da Empresa. A vixencia das bolsas de emprego será de carácter anual, podendo prorrogarse a mesma logo de resolución de Retegal. A publicación das novas Bolsas extinguirá as anteriores existentes para as mesmas categorías e especialidades.

En Santiago de Compostela, a 22 de xuño de 2006



Jesús García Porto
Director Xeren



retegal

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A.

ANEXO I

Requisitos esixidos para o desempeño dos postos de traballo:

- 1.- **Oficial en comunicacións:** FP2 electrónica de comunicacións ou equivalente, coñecementos en sistemas de transmisión de radio e televisión
- 2.- **Ofical - Conductor:** FP2 de comunicacións ou equivalente, coñecementos en sistemas de transmisión de radio e televisión e permiso de conducir tipo C1.

BAREMO

1.- OUTRAS TITULACIÓNS ACADÉMICAS DISTINTAS DAS ESIXIDAS POLA CONVOCATORIA E CURSOS RELACIONADOS CO OBXECTO DO CONTRATO.

Puntuación máxima de 2 puntos.

- Licenciado: 1,25 puntos
- Diplomado: 0,75 puntos
- Por cada curso de formación ou perfeccionamento relacionados na area específica dun mínimo de 20 horas por curso: 0,2 puntos.
- Por cada curso de formación ou perfeccionamento relacionados na area específica dun mínimo de 100 horas por curso: 0,5 puntos.



retegal

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A.

2.- EXPERIENCIA LABORAL

Puntuación máxima de 4 puntos.

Tempo de servizos prestado en postos de similar categoría 0,05 puntos por mes completo (30 días).

3.- EXAME TEÓRICO PRÁCTICO

De carácter eliminatorio

Puntuación máxima de 3 puntos.

Constará de duas probas:

- a primeira consistirá na contestación dun cuestionario de preguntas tipo test.
- e a segunda na resolución dun suposto práctico.

4.- ENTREVISTA

Puntuación máxima de 1 punto.

Para a súa celebración, os aspirantes serán oportunamente citados mediante telegrama.

En Santiago de Compostela, a 22 de xuño de 2006.

**O DIRECTOR-XERENTE DE REDES DE TELECOMUNICACIÓN
GALEGAS, RETEGAL, S.A.**



Asdo.: Jesús García Porto

Edificio Multiusos, baixo
15820 SAN MARCOS (Santiago de Compostela)
Tel. 981 54 67 23 · Fax 981 54 67 58
Email:secretaria@retegal.es